



Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO MINISTERIO DE
TRANSPORTE A QUE MELLORE AS FRECUENCIAS
FERROVIARIAS DO CONCELLO DE MONFORTE E AO REMATE
DAS OBRAS DA ESTACIÓN DE FERROCARRIL**

ANTECEDENTES

O pasado mes de agosto de 2024, o día do comezo das festas patronais da cidade, vivimos un esperpento de pregón a cargo da actualmente investigada Isabel Pardo de Vera, no que tanto ela como o alcalde presumían dos investimentos na provincia no eido do ferrocarril.

Non só reduciron notablemente os investimentos prometidos por Mariano Rajoy, deixando a nosa provincia sen alta velocidade senón que moitas das frecuencias anteriores á covid non foron restablecidas e as conexións co Ave a Ourense son insuficientes, deixando a Monforte fóra do mapa galego do turismo.

Un claro exemplo de esa deficiente conexión co Ave a Madrid desde a Ourense é que o primeiro tren co que nos conecta chega á capital de España as dúas da tarde, dificultando polo tanto a posibilidade de facer xestións de mañá sen botar a noite na cidade.

Tamén botamos en falta a volta do tren nocturno a Barcelona, que conectaba un gran número de cidades do norte da Meseta e que utilizaban veciños de Monforte afincados na cidade condal, como é o caso da xornalista Julia Otero, que tamén o lamentou no último programa gravado en Monforte.

Por outra banda, é lamentable comprobar o pouco avance das obras da estación de ferrocarril, pero o alarmante é coñecer os problemas que existen entre a empresa e Adif, que están dificultar o remate de ditas obras.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte proposta de acordos para a súa aprobación no Pleno da Corporación Municipal.

1. Que o Concello de Monforte de Lemos inste ao Ministerio de Transportes a que se restablezan os servicios ferroviarios suprimidos antes da pandemia da covid, reivindicando a posta en circulación do tren nocturno a Barcelona e que se melloren e amplíen as conexións ferroviarias da cidade coa saída do Ave desde Ourense.
2. Que o Concello de Monforte de Lemos inste ao Ministerio de Transportes a que remate a execución das obras iniciadas na estación de tren de Monforte de Lemos.